



Bases do Club Feiraco

Que é o Club Feiraco?

O Club Feiraco é un programa de fidelización desenvolvido por Feiraco Lácteos SL a través da nosa páxina web www.feiraco.es e que ofrece ás persoas que se subscriban información sobre promocións, concursos, sorteos, novidades, consultas para novos produtos, etc.

Quen pode participar no Club Feiraco?

O Club Feiraco está destinado aos consumidores finais, isto é, persoas físicas maiores de 18 anos.

Como me rexistro no Club Feiraco?

Para poder participar o usuario debe seguir os seguintes pasos:

1. Darse de alta a través do formulario en liña habilitado para este fin na páxina web www.feiraco.es
2. Aceptar as presentes Bases do Club Feiraco, así como a Política de Privacidade.

Aceptación das bases do Club Feiraco

O rexistro no programa de fidelización de Feiraco implicará a plena aceptación das Bases do mesmo, e o criterio de Feiraco en canto á resolución de calquera cuestión que se puidese derivar.

Datos persoais

Feiraco Lácteos SL garantiza o íntegro e pleno cumprimento das obrigacións dispostas no Regulamento Europeo de Protección de Datos (Regulamento UE 2016/679, ou RGPD), de conformidade coa Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de desenvolvemento.

A través do formulario de rexistro disposto na presente web, os usuarios poderán facilitar determinados datos persoais necesarios para o rexistro de Usuario, así como para a participación nas promocións existentes en cada momento.



Devanditos datos son necesarios para poder participar no Club Feiraco e/ou calquera promoción e serán tratados por Feiraco Lácteos SL coa finalidade indicada en cada momento na Política de Privacidade do Club ou de cada Promoción na que participe.

Para máis información sobre como Feiraco trata os seus datos no marco do Club Feiraco, consulte a Política de Privacidade, ou póñase en contacto connosco por correo electrónico á dirección comite.privacidad@clun.es.

Feiraco non se responsabiliza da veracidade dos datos facilitados a través da web.

Modificacións

Dado o carácter indefinido e dinámico do Club Feiraco, Feiraco resérvase o dereito para modificar as presentes Bases Legais en calquera momento para adaptalas a novas dinámicas de participación e/ou contidos. Calquera modificación será comunicada aos Usuarios por correo electrónico, xunto co prazo ou data a partir da cal serán automaticamente aplicables.

Calquera Usuario que non estea de acordo coas novas Bases Legais terá a opción de darse de baixa en calquera momento.